

INTRE-BRINDIS

Por tódolos que trouquestes a vosa presenza e palabra a Santiago como antes, cataláns de Cataluña, Valencia, Mallorca e Menorca, vascos de Euzcadi e Navarra, asturianos das Asturias de Oviedo portugueses de Braga i os de Lisboa dos mares castelaos de Castela, que seriades os mais achegados de non amenazarnos a todos a patria-lingua, e galegos de eiquí.

Gracias por este milagre, que nos puxo a todos nun mesmo tempo como estamos agora niste intre-brindis, como se volvera o antigo entusiasmo, como volven os pobos, agora que volven os pobos, cada un co xeito da súa memoria e da Terra súa.

Erguémosla copa ata sacala porriba do tempo pois estamos soñando
agora que xuntos podemos facelo
con que cada pobo teña a súa vida a súa terra i a súa lingua seguras
non amenazadas
nunha nova era de concordia que semella posible que semella posible...

Compostela

19 novembro / 1989

Saa Circular do Auditorio de Galicia